

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE MARZO DE 2019

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 19 de decembro de 2018.
2. Aprobar a Axenda Básica para o desenvolvemento de Programas de Calidade do Centro para o segundo cuadrimestre do curso 2018/2019.
3. Remitir un escrito a Área de Calidade solicitando que a información sobre a publicación de resultados provisionais e definitivos que afecten ao profesorado, como o Programa de Avaliación da Actividade Docente, se envíe aos centros para a súa posterior remisión ao persoal docente e investigador.
4. Remitir á Xerencia o informe sobre as necesidades formativas e de medios humanos do P.A.S. do centro, elaborado polo xefe de equipo, xunto coas alegacións correspondentes aportadas polos membros da Comisión.
5. Validar as seguintes propostas de gasto a cargo do orzamento do centro:
 - Edición do libro en lembranza de D. Arturo Rúa Rodríguez.
 - Externalización da xestión das redes sociais do centro.
 - Adquisición de material bibliográfico para a docencia e investigación.
6. Renovar os estores das aulas a cargo do orzamento do Edificio.
7. Respecto ao Informe de Revisión do Sistema pola Dirección:
 - a) Validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección coas modificacións acordadas nas propostas de mellora para o curso 2018/2019.
 - b) Delegar na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para realizar as modificacións puntuais que procedan no devandito Informe.
8. Manter as metas asociadas aos obxectivos de calidade do centro para o curso académico 2018-2019.
9. Validar as modificacións nas memorias das titulacións de Graduado/a en Dereito.

Ourense, 8 de marzo de 2019



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 8 de marzo de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade na mesma data.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.